

**PROGRAMACIÓN
ANUAL DO
DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

CURSO 2023/24

IES ALEXANDRE BÓVEDA**

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

A elaboración e estrutura deste plan anual veñen establecidas no artigo 15 da Orde do 24 de xullo de 1998, e ven así a concretar as liñas de actuación e obxectivos que están contemplados no Proxecto Educativo e que se reflicten en documentos como o Plan de Acción Titorial (PAT) e o Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP), en estreita colaboración co Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e a súa respectiva concreción anual. O departamento de orientación do IES Alexandre Bóveda constitúese para este curso académico 2023 2024 coas seguintes persoas:

Irene Labrador Costela, Orientadora (Xefa do Departamento de Orientación).

Pilar Ramos Hernández, Profesora especialista en pedagogía Terapéutica.

Lourdes Hermida Comesaña, Profesora especialista en pedagogía terapéutica.

Estefanía Fernández Vázquez, Profesora especialista en pedagogía terapéutica.

Rafael Rodríguez Paz, Profesor do ámbito científico.

Lorena Seijo Pereiro, Profesora do ámbito lingüístico.

A visión actual da orientación e a complexidade do sistema educativo apuntan a que o modelo de intervención por programas é o máis axeitado para ofertar unha orientación baseada en intervencións proactivas e dirixidas a toda a comunidade educativa.

Entendemos esta acción por programas tal e como o fan Álvarez e Bisquerra (2018) como unha acción planificada, produto dunha identificación de necesidades, dirixida a unhas metas e fundamentada en presupostos teóricos que dean senso e rigor á acción.

Empregar a intervención por programas na nosa intervención fai necesaria a elaboración dun plan que recolla todos eses programas e as actividades planificadas polo departamento, e que permita realizar tanto unha labor axeitada coma avaliación do seu desenvolvemento para un posterior axuste da mesma.

2. OBXECTIVOS

Tomando como referentes xunto as funcións do departamento de orientación que nos veñen encomendadas na normativa que regula o noso traballo (Decreto 120/1998, Orde 24/7/98, Decreto 324/1996, Orde 8/9/2021) e nos diferentes protocolos publicados pola

consellería, así como as necesidades antes sinaladas, establecemos os obxectivos do plan. Clasificaremos estes en función do axente educativo ao que se refiren:

OBXECTIVO	
XERAI	Favorecer os procesos de madurez persoal, social e profesional, de desenvolvemento da propia identidade e do sistema de valores do alumnado.
	Colaborar no desenvolvemento da innovación e investigación como elementos que facilitan a mellora da calidade educativa.
	Contribuír a axeitada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, así como entre esta e a súa contorna, colaborando nos procesos organizativos e de participación na vida do centro.
	Fomentar a comunicación fluída e coordinación coas demais institucións da contorna, especialmente cos catro centros adscritos.
	Propoñer as MAD que garantan unha resposta educativa o máis axustada posible ás características do alumnado.
	Manter a coordinación cos departamentos de orientación dos CEIP Adscritos ao noso IES, establecendo na medida do posible unhas liñas de intervención conxuntas comúns.
ALUMNA DO	Fomentar a tolerancia as normas de convivencia, desenvolvendo valores de respecto, solidariedade e responsabilidade no alumnado.
	Contribuír a adquisición de hábitos de vida saudables e unha actitude responsable no alumnado.
	Axudar ao alumnado a enfrontarse aos momentos críticos como é ingreso no centro e comezo dunha nova etapa.
	Facilitar a acollida e adaptación do alumnado de novo ingreso, especialmente o procedente do estranxeiro.
	Favorecer a adquisición de estratexias e hábitos para o estudo.
	Desenvolver actuacións para a prevención do absentismo e abandono temperán dos estudo.

OBXECTIVO	
	Favorecer os procesos de madurez persoal, desenvolvemento da identidade e Toma de Decisións sobre o futuro académico e profesional.
PROFESORADO	Incentivar a comunicación do profesorado titor coas familias de cara a favorecer a relación entre estes.
	Sensibilizar no deseño e desenvolvemento de MAD de carácter organizativo e curricular para dar resposta ás necesidades do alumnado, determinando as axeitadas para cada situación.
	Apoiar a figura do profesorado titor como axente implicado na orientación do alumnado.
	Establecer mecanismos de debate e elaboración de propostas na CCP que dinamicen a integración da orientación nas materias.
FA MIL IAS	Proporcionar formación e información ás familias sobre os procesos de toma de decisións vocacionais e as súas fases.
	Darlles a coñecer programas e recursos de orientación vocacional.
	Reforzar a implicación e cooperación das familias, para maior eficacia e coherencia no proceso educativo.
	Incrementar a autoconfianza e o compromiso das familias en prol da mellora dos hábitos de saúde física e mental das súas fillas/os.
	Informar ás familias sobre medidas e recursos para ACNEAE.

3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Se ben entendemos a Orientación como un proceso global, dividiremos a nosa actuación en tres grandes bloques para facilitar a planificación dos programas e o seguimento e avaliación das accións:

A acción titorial é un proceso continuo e sistemático que facilita a preparación para a vida, cuxa meta ou finalidade última será ensinarlle a ser persoa, pensar, convivir, respectar as individualidades e peculiaridades de cada un, comportarse consigo mesmo e cos demais, e

decidirse en calquera situación da vida (Álvarez e Bisquerra, 2018).

A orientación académica e profesional entendida dende unha concepción integral e comprensiva como destinada a descubrir e potenciar o desenvolvemento da carreira do individuo durante o seu ciclo vital, a fin de contribuír á súa realización persoal, educativa, profesional e social.

E, en último lugar, a atención á diversidade, que implica a concepción dunha escola inclusiva na que se atenda á diferencias de xénero, idade, capacidades, estilos de aprendizaxe, orixe, etnia, lingua, cultura, relixión, país de procedencia, nivel socioeconómico, necesidades educativas especiais, diversidade funcional, vulnerabilidade socioeducativa, etc., dende a prevención, detección e intervención temperá das dificultades que poidan xurdir.

As actuacións que se desenvolverán dende o DO ao longo deste curso descríbense en función destes ámbitos. Para a concreción destas accións tivéronse en conta tanto a Circular 10/2010 como as necesidades e obxectivos do centro.

Accións Prioritarias De Carácter Xeral

1º Trimestre:

Revisión e actualización do PAT, o POAP e os demais documentos insertos no PE relacionados coa orientación.

Elaboración de pautas de actuación metodolóxicas comúns entre o profesorado que atende ao mesmo grupo clase.

Reunión do DO (incluídos os membros dos centros adscritos) para coordinar as liñas xerais do plan de actuación e os plans dos centros adscritos.

Establecemento dun calendario anual de reunións do DO cos centros adscritos.

2º Trimestre:

Accións para realización do seguimento e apoios oportunos no desenvolvemento das actuacións metodolóxicas acordadas.

3º Trimestre:

Elaboración dun cuestionario dirixido ao alumnado, no que se valoren diferentes aspectos dos programas desenvoltos ao longo do curso (interese, utilidade, implicación do profesorado titor e DO).

Realización da avaliación final do desenvolvemento dos programas e accións contempladas no plan.

Realizar a Memoria Final do curso recollendo os resultados da avaliación, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan.

Previsión e distribución de gastos e materiais necesarios para o vindeiro curso.

Previsión de necesidades de persoal de cara o próximo curso (solicitud de Auxiliar técnico educativo, profesorado de PT, 2º orientador...).

Elaboración das memorias finais das especialistas en Pedagogía Terapéutica para incorporar á memoria anual do departamento.

Actualización da base de datos de orientación relativos ao funcionamento e a alumnado con necesidades educativas e diagnósticos (DRDOrienta).

Todo o curso:

Avaliación continua dos diferentes programas levados a cabo ao longo do curso por parte dos diferentes axentes implicados no seu desenvolvemento.

Axustes no desenvolvemento dos programas e accións contemplados neste plan segundo imprevistos e necesidades que xurdan durante o curso.

Elaboración e entrega de materiais específicos dos programas a desenvolver adaptados ao nivel de desenvolvemento do alumnado.

Adquisición de material bibliográfico relevante para o desenvolvemento das labores da orientación.

Participación en actividades de formación: congresos, obradoiros, cursos, etc.

Asesoramento colaborativo ao profesorado titor e profesorado en xeral para o desenvolvemento das accións insertas nos programas de intervención.

Análise do desenvolvemento do plan nas reunións do DO.

Accións Prioritarias da Acción Titorial

1º Trimestre:

Presentación ao equipo docente dos programas que se van desenvolver no curso.

Distribución ao titorado de material en relación ao plan de acción titorial no espazo das reunións semanais de nivel na ESO.

Establecemento do calendario de reunións semanais das persoas titoras coa orientadora, a

xefa de estudos e as PT (en 1º e 2º ESO) para a coordinación e seguimento da titoría e a xestión da convivencia no centro.

Elaboración dun folleto informativo para familias con información sobre o DO: datos de contacto, actividades e recursos, recomendacións,...

Xestión con entidades externas de calendario de actividades de orientación a alumnado e familiares.

Inicio das intervencións do Programa Habilidades Sociais e Emocións.

Obradoiro do Programa Non Enredos, centrado na temática “Pornografía” cos grupos de 1º ESO na titoría.

Charlas informativas do Plan Director nos grupos da ESO (novembro e decembro) acerca de Ciberseguridade e Acoso Escolar, impartidos pola Policía Nacional en horario lectivo.

Preparación do programa de Intervención en Técnicas de Estudo para desenvolver en 4 sesións de titoría.

Actividade de cohesión grupal e convivencia para alumnado de 4º ESO. Poñemos un punto de inicio deste último curso da etapa comezando cunha actividade na que poder coñecerse mellor e establecer lazos cos compañeiros e profesorado titor.

2º Trimestre:

Continuación das intervencións do Programa Habilidades Sociais e Emocións.

Programa de Educación e Saúde a desenvolver nas sesións de titorías.

Organización da acción formativa do Programa Poñendo os lentes na educación afectivo sexual para 1º, 2º e 3º ESO, a cargo de Amino Galicia (pendente de confirmación).

3º Trimestre:

Continuación das intervencións do Programa Habilidades Sociais e Emocións.

Elaboración de conclusións e propostas de mellora dirixidas a cada un dos axentes en base a información recollida nas enquisas.

Todo o curso

Coordinación e seguimento do desenvolvemento do programas a través de reunións formais e informais coas persoas titoras, observación, achegas do profesorado das áreas, cuestionarios, etc.

Difusión de boas prácticas en materia de saúde.

Accións Prioritarias do Ámbito da Atención á Diversidade

1º Trimestre:

Realizar a concreción do PXAD para o curso, axustando este ás características do centro, alumnado, profesorado e familias.

Propoñer á CCP para a súa posterior inclusión no PE, criterios e medidas para atender á diversidade do alumnado atendendo a normativa recente e ao actual alumnado.

Preparación da base de datos de alumnado xeral e en especial do que ten necesidades educativas especiais.

Traslado de información relevante ao titorado e ao equipo docente de cada grupo.

Colaborar co equipo docente no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial.

Accións de asesoramento e intervención personalizada en caso de dificultades na integración dalgún alumno/a.

Pautas ao profesorado para desenvolver Medidas de Atención á Diversidade ordinarias.

Entrevistas individuais con familiares de alumnado con NEAE.

Selección, solicitude e procedemento de posta en marcha de medidas de atención á diversidade do alumnado para o curso entrante.

Preparación de informes para solicitude das becas para Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo do MEC.

Entrevistas a familiares e preparación da documentación legal para cada medida de atención á diversidade.

Entrevistas previas ao inicio das clases cos equipos docentes dos grupos de especial dificultade.

Solicitude de información e documentación aos centros de orixe do alumnado novo non procedente de centros adscritos.

2º Trimestre:

Análise dos resultados da 1ª avaliación e axuste das medidas de atención á diversidade aos resultados obtidos

Deseño de accións de prevención de dificultades de aprendizaxe.

Deseño de accións específicas para a atención do alumnado de incorporación tardía.

Carga, actualización e revisión de datos sobre alumnado con NEAE do centro na aplicación drdadi.

Actividade Externa teatro para sensibilización sobre diversidade e acoso con 1º e 3º ESO.

3º Trimestre:

Avaliación dos resultados da 2ª avaliación e axuste das medidas de atención á diversidade. Segunda actualización das medidas de atención á diversidade de cara ao entrante: Agrupamentos flexibles, PDC, itinerarios cara a FP media, educación de adultos (EA), probas de acceso a ciclo medio e superior e formación profesional básica.

Preparación de informes e entrevistas con familias para os casos de grupos de PDC, agrupamentos flexibles, e formación profesional básica para o vindeiro curso.

Accións ponte cos centros adscritos para facilitar a incorporación do alumnado e a transición entre etapas, insertas no plan de acollida.

Selección final do alumnado para o Programa de Diversificación Curricular (PDC) e Formación Profesional Básica.

Proposta de alumnado para exención da 2ª Lingua Estranxeira e Agrupamentos Flexibles en 1º e 2º de ESO o vindeiro curso.

Asesoramento as familias sobre as Becas que poden solicitar e os procedementos.

Entrevistas con cada un dos titores/as e cos orientadores/as dos centros adscritos ao IES para recoller datos pedagóxicos relevantes con vistas a repartir ao titorado entrante do noso IES no vindeiro mes de setembro.

Todo o curso

Accións de asesoramento individualizado co alumnado e familias.

Realización de avaliacións e informes psicopedagóxicos para a detección de dificultades no alumnado e posta en marcha de medidas de atención á diversidade.

Contacto coa comunidade educativa e outras institucións: Servizos Sociais, ONGs, Secretariado Xitano, centros educativos e outros (segundo necesidade).

Coordinación de actuacións dirixidas ao alumnado con NEAE co especialista en PT.

Coordinación e seguimento das actuacións de reforzo do programa Proa + co profesorado encargado de impartir o programa co alumnado de 4º ESO e 1º BAC.

Solicitud de asesoramento e/ou intervención ao EOE en caso necesario.

Desenvolver as actuacións que correspondan en función dos protocolos que se poñan en

marcha.

Mellorar o clima de convivencia do centro, traballando a través de dúas vías:

- ↳ titorías: Para este fin establécense reunións semanais de coordinación coas persoas titoras da ESO e Xefatura de Estudos.
- ↳ funcionamento na totalidade do horario lectivo da aula de convivencia, en coordinación estreita para o seguimento da mesma coa Xefatura de Estudos e a Coordinadora de Benestar e Convivencia.

Accións Prioritarias do Ámbito de Orientación Académica e Profesional

1º Trimestre:

Actualización do Programa Orienta na web do IES:

Redacción e difusión dunha guía cos diferentes estudos e saídas profesionais dirixida a alumnado e as familias.

Elaboración dun tríptico que resuma os cambios na avaliación, promoción e titulación nas diferentes ensinanzas dirixido aos diferentes membros de toda a comunidade educativa.

Información ao alumnado de BAC dos cambios e organización das probas de acceso á universidade.

Charla Externa: Ensaia, programa Mil Futuros, para alumnado de 2º BAC, acerca da motivación, factores emocionais que inflúen na toma de decisións e xestión da elección de carreira profesional.

2º Trimestre:

Compilación de exames de convocatorias anteriores das probas libres para a obtención do título da ESO, probas do título de BAC, e probas de acceso a ciclos.

Programa de orientación educativa e profesional:

- ⑩ Deseño e realización de xornadas vocacionais para alumnado na ESO e BAC.
- ⑩ Charlas organizadas para familiares de alumnado de 1º ES do curso 2024-2025 dos centros adscritos.
- ⑩ Visita a un Centro Integrado de Formación Profesional co alumnado susceptible de incorporarse a Formación Profesional básica (CIFP Manuel Antonio, pendente de confirmación de data).
- ⑩ Charla para alumnado de BAC: abau, ponderacións e acceso á universidade.

3º Trimestre:

Programa de orientación educativa e profesional:

- ⑩ Charlas organizadas para alumnado da ESO sobre itinerarios, opcionalidade, saídas ao rematar a etapa, becas e axudas...
- ⑩ Visita a Feira de Educación do Concello de Mos co alumnado de 4º ESO e 1º BAC.
- ⑩ Mesa redonda profesións, organizada en colaboración coa ANPA e profesorado voluntario.
- ⑩ Xornada de Benvida para alumnado de 6º EP, prevista para o 5 de xuño.

Asesoramento sobre o cumprimento de documentación de matrículas, solicitudes,...

Asesoramento ao equipo docente sobre os criterios de promoción e titulación nas sesións de avaliación final.

Todo o curso:

Atención personalizada ao alumnado que continúa con dúbidas tras a intervención grupal.

Recursos	
Mat eriai s	<p>Creouse en ABALARBOX unha carpeta compartida co profesorado do centro na que se atopan dispoñibles:</p> <ul style="list-style-type: none">⑩ Resumes e ligazóns aos protocolos da Consellería.⑩ Información complementaria para o profesorado sobre Inclusión, Atención á Diversidade, xestión da Aula, Convivencia, funcionamento diario do centro.⑩ Materiais e calendario do PAT.⑩ Documentos xerais de titoría: fichas de seguimento, planos de organización da aula, etc. <p>Esta carpeta irá actualizándose ao longo do curso con novos materiais.</p>
Per soai s	<p>Para este curso académico contamos con tres profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica, dúas delas con destino definitivo no centro, que realizarán apoios dentro e fóra da aula co alumnado con necesidades.</p> <p>Solicitouse un segundo orientador para poder realizar correctamente todas as funcións do posto, debido ao volume de alumnado co que contamos no centro. Aínda non está adxudicada ningunha persoa.</p> <p>Para este curso contamos cunha Auxiliar Técnica Educativa a tempo completo con dous alumnos asignados, unha de 3º ESO e outro de 1º ESO.</p>

Org aniz ativ os	De cara a facilitar o desenvolvemento do plan e mellorar na xestión da convivencia do centro, este curso manteranse as reunións periódicas que se viñan desenvolvendo en cursos anteriores (expostas na táboa seguinte) coa incorporación da Xefatura de Estudos as reunións semanais coas persoas titoras de ESO.
---------------------------	--

De cara a este curso académico participaremos nas reunións periódicas recollidas na seguinte táboa:

Reunión		Contido da reunión	Participantes
Sem anal	Reunión Orientación 1º 2º ESO	Seguimento da acción titorial, convivencia, atención á diversidade e desenvolvemento xeral dos grupos	Persoas titoras de 1º, Orientadora, Especialistas de Pedagogía Terapéutica, Xefatura de Estudos
	Reunión Orientación 3º 4º ESO	Seguimento da acción titorial, convivencia, atención á diversidade e desenvolvemento xeral dos grupos	Persoas titoras de 3º, Xefatura de Estudos e Orientadora.
Mens ual	Reunión DO	Seguimento da programación orientación	Membros do Departamento de Orientación
Blm ens ual	CCP	Establecido pola dirección e normativa	Dirección, Xefatura de Estudos, Xefaturas de Dptos Didácticos, Dinamización Lingüística e PTs
	Claustro	Establecido pola dirección e normativa	Equipo Directivo e a totalidade do profesorado do IES
Tri mes tral	Avaliacións	Avaliacións ordinarias e extraordinarias	Persoa titora dos grupos, Equipos docentes, un cargo directivo, Orientadora ou Especialistas de PT
	R. DO Adscritos	Coordinación e seguimento dos plans de orientación e alumnado.	Orientadora, Orientadores dos CEIPs adscritos

E as seguintes reunións ao longo do curso:

Reunión		Contido da reunión	Participantes
Antes do inicio das actividades lectivas	Acollida Titorías	Información xeral do alumnado dos grupos, planificación, trámites administrativos básicos,...	Persoas titoras, Orientadora, Especialistas de PT, Xefatura de Estudos
	E. Docentes 1º ESO C 2º ESO A e D 3º ESO B	Información e asesoramento sobre alumnado con NEE do grupo que precisa unha atención máis individualizada.	Persoa titora do grupo, Xefatura de Estudos, Orientadora e Equipo Docente.
	Agrupamentos Flexibles	Funcionamento e organización da coordinación dos agrupamentos flexibles para este curso.	Profesorado LC, LG e Matemáticas de 1º ESO A/B e 2º ESO A/B, PTs Xefatura de Estudos e Orientadora.
1º Trimestre	Xornada Benvida	Presentación aos grupos de alumnado do centro	Equipo Directivo, Orientadora e Persoas Titoras
	Acollida Familias	Presentación da persoa titora, Normas e funcionamento do centro	un membro do Equipo Directivo, orientadora, Persoas titoras
	Avaliación Inicial 1º BAC	Avaliación inicial dos grupos	Equipos Docentes, un membro do Equipo Directivo, Orientadora
	Avaliación Inicial ESO	Avaliación inicial para adoptar medidas de atención á diversidade	Equipos Docentes, un membro do Equipo Directivo, Orientadora, PTs
	2º BAC	Orientación sobre ABAU, Universidade, FP, outras opcións	Orientadora, alumnado 2º BAC 1 sesión nas gardas de profesorado
2º Trimestre	Familias 6º EP adscritos	Presentación do centro, información sobre a nova etapa	Orientadora, Equipo Directivo
	1º BAC	Orientación sobre ABAU, Universidade, FP e outras opcións	2 sesións por grupo nas gardas de profesorado

Reunión		Contido da reunión	Participantes
3º Tri me str e	ESO	Itinerarios educativos	Orientadora, alumnado 2º ESO 1 ses/curso nas titorías
	6º EP	Recollida de información de alumnado para o IES	Orientadora co orientador/a e titor de cada clase de cada un dos 4 centros adscritos ao IES

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Nesta acción estruturada o orientador actúa como fío condutor da intervención, participando de forma indirecta na meirande parte das situacións. Procuramos propor un número reducido de accións para cada grupo, a fin de facilitar a implicación do profesorado e non sobrecargalo de traballo.

Tamén procuramos non solapar os programas para que, en caso de necesidade, poida incorporarse como segundo docente a orientadora e/ou a PT apoiando algunha actividade. Para isto será esencial a cooperación e colaboración estreita entre profesorado, xefatura do DO e xefatura de Estudos, no desenvolvemento da acción titorial e os programas.

Con respecto da vicedirección e o equipo de biblioteca, colaborarase estreitamente na organización de actividades a nivel de centro e a través das titorías.

Coas familias traballaremos en estreita colaboración na organización de actividades a través da ANPA, a fin de implicalas nas actividades propostas, en especial no programa de orientación académica e profesional, no que colaborarán economicamente para a visita a Feira de Educación, así como na organización das mesas redondas.

A adopción de estratexias metodolóxicas acertadas é a forma máis fácil de modificar o currículo e atender á diversidade. Dificilmente poden traballar o alumnado a distinto ritmo e con distinto estilo cognitivo, se deben facelo ao modo tradicional: todos as mesmas cousas, no mesmo tempo e da mesma maneira.

Nas táboas que aparecen ao final deste documento detállanse as intervencións a desenvolver dentro do Plan de Acción Titorial para este curso organizadas por niveis.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Avaliaranse para este plan tanto o contexto e o proceso de elaboración do mesmo como a súa posta en marcha e resultados obtidos ao rematar, polo que falaremos con detalle da avaliación inicial, a avaliación continua e a avaliación final.

- Rexistro de datos sobre o número de demandas e consultas formuladas ao DO por

profesorado, alumnado e familias;

- Rexistro de datos sobre uso dos materiais e recursos bibliográficos do DO por profesorado, alumnado e familias.

- Actas das reunións efectuadas, tanto as do propio departamento como as realizadas cos demais axentes tanto internos como externos ao centro educativo.

A avaliación final deberá axudar aos diferentes axentes a valorar as súas aprendizaxes durante o proceso e tomar conciencia das diferencias entre o punto de partida e o final. Os instrumentos de avaliación final serán:

⑩ Cuestionario de avaliación dirixido ao profesorado titor para recoller as súas valoracións respecto das actuacións desenvoltas e os apoios recibidos;

⑩ Cuestionario dirixido aos departamentos didácticos e ao Equipo Directivo para recoller valoracións e observacións respecto ao desenvolvemento do Plan;

⑩ Cuestionario dirixido ao alumnado sobre o desenvolvemento do plan e suxestións.

Tanto para a avaliación continua como para a avaliación final teranse en conta os seguintes indicadores ou criterios de avaliación:

⑩ Grao en que os programas se axustaron ás necesidades do propio centro e do centro adscrito;

⑩ Grao de consecución dos obxectivos previstos, atendendo tanto a eficacia como a eficiencia (recursos, tempo adicado ás actividades e participación);

⑩ Implicación da comunidade educativa no deseño e desenvolvemento do plan;

⑩ Grao de satisfacción do profesorado, alumnado e familias coas intervencións realizadas;

⑩ Dificultades que xurdiron e respostas a estas levadas a cabo.

6. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No IES Alexandre Bóveda temos unha matrícula total próxima a 820 alumnos/as, con 5 grupos por nivel en todos os cursos da ESO e de Bacharelato, aos que se engaden 2 grupos do programa de Diversificación Curricular, un en 3º e outro en 4º ESO.

Temos ocupación total de aulas ao ter tamén polas tarde a Escola Oficial de Idiomas.

As nosas medidas de atención á diversidade dependen dos espazos físicos e recursos que temos.

Unha vez identificadas e valoradas as necesidades do alumnado matriculado no IES Alexandre Bóveda para o presente curso e de acordo á cobertura actual de posibilidades en canto a distribución de espazos, tempos e recursos físicos e humanos, formularemos como posibilidades de atención á diversidade as que posteriormente citaremos.

Indicadores que garanten o proceso de atención á diversidade.

O IES Alexandre Bóveda actualmente reúne os seguintes indicadores que garanten o proceso de atención á diversidade. Establecemos 4 tipos de dimensións de indicadores, os relacionados co contexto escolar, cos recursos, co proceso educativo e finalmente cos resultados que pretendemos:

1. Indicadores do contexto escolar: referidos á previsión e a axeitada organización de accións educativas por parte do centro para atención á diversidade. Isto queda recollido no proxecto educativo e curricular do centro: Existen valores inclusivos compartidos polo conxunto da comunidade educativa que incrementan a coordinación e colaboración entre profesionais e dinamizan o traballo en grupo.

2. Indicadores de recursos.

⑩ Estrutura organizativa inclusiva que permite distribución da atención con espazos axeitados:

- Aula pequena de apoio para competencias de ámbito lingüístico. Capacidade 5/7 alumnos/as
- Aula pequena de apoio para competencias de ámbito matemático. Capacidade 5/7 alumnos/as
- Aula para o reforzamento das áreas instrumentais do alumnado con exención de francés e do alumnado dos grupos flexibles de 1º e 2º de ESO. Capacidade 25 alumnos/as
- Aula para os grupos de PDC de 3º e 4º de ESO. Capacidade 12/15 alumnos/as.

⑩ Estrutura organizativa inclusiva que permite una distribución da atención con recursos humanos:

- 2 profesoras definitivas especialistas de pedagogía terapéutica en ámbitos lingüístico e matemático.
 - 1 profesora provisional especialistas de pedagogía terapéutica.
 - Profesorado da área lingüística que imparte reforzos a tempo parcial a alumnado con dificultades de aprendizaxe e con exención de francés para tal fin.
 - Equipo de profesorado para o programa PDC de 3º e 4º, de ámbito científico, lingüístico e de idioma.
 - Desdobre de profesorado nas áreas de lingua castelá, matemáticas e lingua galega nos agrupamentos flexibles de 1º e 2º ESO.
 - Equipo de profesorado que imparte educación bilingüe no IES en seccións de inglés nas áreas de matemáticas e plástica.
- ⑩ Flexibilidade de espazos e de agrupamentos do alumnado.
 - ⑩ Instalacións axeitadas para as medidas que tomamos o actual curso.
 - ⑩ Disponibilidade práctica e estratexias de coordinación de profesorado que planifican reunións habituais cos responsables nas tomas de medidas de atención á diversidade.
 - ⑩ Coordinación entre profesorado de apoio titorado e profesorado de área
 - ⑩ Individualización da ensinanza.
 - ⑩ Organización do apoio e reforzo nas áreas instrumentais suficiente para manter as medidas.
 - ⑩ Participación das familias e da comunidade educativa na decisión de inclusión en medidas de atención á diversidade.

3. Indicadores do proceso educativo

- ⑩ Respecto aos ritmos e características individuais do alumnado para axear as metodoloxías.
- ⑩ Respecto aos estilos de aprendizaxe de cada alumno/a.
- ⑩ Organización da ensinanza con criterios para elaboración de horarios consensuados.
- ⑩ Traballo desde apoio coordinado.
- ⑩ Implicación activa do alumnado utilizando estratexias de aprendizaxe cooperativo.

- ⑩ Práctica de estratexias que favorecen o aprender a aprender.
- ⑩ Avaliación tolerante que pode axustarse en tempos, espazos e contidos.
- ⑩ Organización programación e coordinación do tempo en titorías.
- ⑩ Utilización e coñecemento dos recursos dispoñibles na comunidade.

4. Indicadores de resultados:

- ⑩ Avaliación para a mellora do porcentaxe de alumnado que recibe medidas de atención á diversidade.
- ⑩ Mellora da participación e do clima de convivencia do centro.
- ⑩ Mellora das actitudes do alumnado cara aos demais.

Persoas responsables dos procesos de supervisión e avaliación.

- ⑩ O profesorado xeral a través dos sistemas de avaliación común, inicial, continua e extraordinaria.
- ⑩ A orientadora a través dos seguimentos da evolución persoal, social e educativa do alumnado implicado.
- ⑩ O profesorado especialistas en pedagogía terapéutica a través do seu contacto directo co alumnado ao que se lle presten medidas de atención á diversidade.
- ⑩ A Xefatura de estudos como coordinador da xestión educativa do centro.
- ⑩ Os departamentos didácticos recollendo nas súas programacións didácticas os obxectivos, contidos e mínimos e criterios de avaliación no apartado de atención á diversidade.
- ⑩ O equipo directivo ao que lle compete os aspectos de procedemento e a coordinación e seguimento de cada un dos órganos citados.

Instrumentos adecuados para a recollida da información dos distintos sectores da comunidade educativa. (Este punto queda desenvolvido no PXAD).

A detección de necesidades educativas e a organización da posterior resposta de intervención realizarase segundo o disposto na normativa que regula a atención á diversidade en Galicia, tanto o Decreto 229/2011 como a Orde do 8/9/2021 que a desenvolve. Asemade, teranse en conta as instrucións de desenvolvemento do curso, así como aquelas outras

achegas e aclaracións que cheguen por parte da Administración Educativa para realizar as intervencións pertinentes.

a) Instrumentos para a identificación de alumnado 1º ESO procedente dos centros adscritos:

- ⑩ Modelo de ficha informatizado no que se recollen os datos persoais e académicos relevantes do alumno/a, as medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade aplicadas en primaria e a recomendación das medidas a adoptar no futuro.
- ⑩ Informe final do profesorado titor de 6º EP, xunto coas notas recollidas da entrevista con estes e as orientadoras/es dos CEIP.
- ⑩ Valoración psicopedagóxica en caso de considerarse necesario.
- ⑩ Informe da avaliación inicial.

b) Instrumentos para a identificación de alumnado 1º ESO procedente de centros non adscritos: As mesmas actuacións que no grupo anterior excepto o primeiro punto.

c) Instrumentos para a recollida de información de alumnado doutros cursos de ESO e bacharelato que se matriculen por primeira vez no centro.

- ⑩ Informes individualizados do alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro en determinadas circunstancias (repetición de curso, promoción con pendentes...) análise de datos para detectar se existen necesidades, valorando o nivel de consecución dos obxectivos da etapa ou curso, as competencias adquiridas e todas aquelas observacións ou recomendacións específicas sobre o seu estilo de aprendizaxe e ás dificultades detectadas.
- ⑩ Valoración das necesidades educativas detectadas na avaliación inicial ou co equipo de profesorado de nivel e decisión de medidas a adoptar.

e) Instrumentos para a detección de alumnado estranxeiro que se incorpora tardiamente ao sistema educativo.

Avaliación inicial do alumnado segundo o procedemento da O. 8/9/21, unha vez escolarizado provisionalmente no curso que lle corresponde por idade. No caso de que o profesorado o considere, tras a avaliación inicial baixarase un curso ou nivel, de acordo ao

establecido na normativa. Modelos normalizados para a escolarización provisional, acta da reunión inicial e información á familia da escolarización definitiva.

Descrición e concreción das actuacións medidas e/ou programas para a atención á diversidade ordinarias.

Medidas ordinarias de atención á diversidade incluídas no plan de concreción para o curso:

1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
3. O profesorado utiliza, segundo a ratio de alumnado na aula, metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promoven a inclusión.
4. Adaptamos, segundo posibilidades, os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
5. Aplicamos medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia: con protocolo de actuación para a aula de convivencia.
6. O Reforzo Educativo, segundo o procedemento recollido na O. 8/9/21.
7. Apoio do profesorado de PT dentro da aula, segundo o procedemento recollido na O. 8/9/21.
8. Programas de enriquecemento curricular e seccións bilingües do IES.
9. Programas de recuperación das materias pendentes, segundo o disposto no artigo 51 da O. 8/9/21 e na resolución 6/6/23.
10. Programas de recuperación das materias pendentes, segundo o disposto no artigo 51 da O. 8/9/21 e na resolución 6/6/23.
 - ⑩ Propoñemos que nas programacións de cada materia os departamento inclúan obxectivos, contidos e planifiquen actividades de ampliación ou enriquecemento para alumnado con bo rendemento escolar e/ou altas capacidades.
 - ⑩ Cando sexa posible, reservaranse algunhas horas naqueles departamentos que o determinen, para atender as necesidades de ampliación de currículo dos alumnos/as con altas capacidades.

- ⑩ Tamén se animará e estimulará a este tipo alumnado para que participe naqueles concursos ou actividades que respondan ás súas necesidades, intereses e que fomente a súa motivación por ampliar a súa formación e seguir aprendendo.

Neste tipo de programas, con variación dos requisitos xerais, enmarcamos as nosas seccións bilingües: Trátase potenciar o uso do idioma inglés a través da súa implantación progresiva en distintos niveis educativos da ESO. O alumnado que opta polo grupo bilingüe, ten a ocasión de chegar a un coñecemento máis profundo ao recibir certas materias de ensino durante a ESO con cargas educativas en evolución destes idiomas. Neste momento temos seccións bilingües en 1º e 3º de ESO.

Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas

Alumnado destinatario: con exención de 2º idioma (1º e 2º ESO)

Poderá seguir un programa de reforzo tras a pertinente valoración, o alumnado que pase a ESO desde primaria por imperativo legal, aquel que repita 1º ou 2º curso e aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das materias instrumentais. O alumnado que participe nestes programas poderá resultar exento da 2ª lingua estranxeira (francés).

Profesorado que imparte os reforzos.

A impartición de lingua corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos departamentos de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castela e Literatura, estranxeira, Latín e Grego.

A impartición de matemáticas corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

Estes programas estarán baseados nos mínimos esixibles do curso correspondente e suporán unha atención personalizada para lograr o dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

Para o alumnado que participe nestes programas os departamentos, na súa programación, establecerán o procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso correspondente.

Para este curso o reforzo impartirase nas materias de Lengua Castelá e Lingua Galega.

Programas de recuperación das materias pendentes, segundo o disposto no artigo 51 da O. 8/9/21 e na resolución 6/6/23.

Alumnado destinatario: (2º, 3º e 4º ESO) alumnado que pase de curso con materias pendentes. Cada profesor/a, en función do acordado no departamento, ou no seu caso o propio departamento establecerá un programa de recuperación das aprendizaxes de ditas materias.

3) Programa de repetidores, segundo o disposto no artigo 52 da O. 8/9/21 e na resolución 6/6/23.

Medidas extraordinarias de atención á diversidade

1. Adaptacións curriculares, segundo o establecido no artigo 55 da O. 8/9/21 Segundo a información recollida na avaliación inicial, realizaranse Adaptacións Curriculares en diversas materias a dous alumnos de 1º ESO este curso.
2. Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica segundo o establecido no artigo 57 da O. 8/9/21: Para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades académicas, contamos no claustro con tres mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica, dúas delas con destino definitivo no centro.

O alumnado a seleccionar está informado polo centro de procedencia, detectado polo equipo docente durante o curso e coa valoración e información do departamento de orientación que necesita unha atención individualizada e que xa recibiron ou reciben outras medidas de atención a diversidade.

3. Agrupamentos flexibles, segundo o establecido no artigo 56 da O. 8/9/21:

Durante este curso esa medida desenvolverase nas materias de lingua castelá, lingua galega e matemáticas en 1º e 2º ESO. En cada grupo beneficiáanse da medida un total de 12 nenas e nenos, que poden variar ao longo do curso (no caso de que superen as dificultades ou non exista aproveitamento, entrando outra alumna/o no seu lugar).

Alumnado destinatario da medida:

- ⑩ Alumnado escolarizado fundamentalmente nos primeiros cursos de ESO que presentan un atraso académico xeneralizado, con dificultades de aprendizaxe e que recibiron ou reciben outras medidas ordinarias de atención insuficientes para superar o seu atraso a pesar do aproveitamento das mesmas.
